

NON É FÁCIL, PEQUENO ESQUÍO

Texto de ELISA RAMÓN

Ilustracións de ROSA OSUNA

Tradución de MARISA NÚÑEZ

Encadernado en cartón. 22 x 22 cm. 40 páx. 14 €.

PROGRAMA NACIONAL DE LECTURA (SEP México) - 2005

Non é fácil, pequeno esquíu (galego)

ISBN 978-84-8464-183-4. Demademora.

¡No es fácil, pequeña ardilla! (castelán)

ISBN 978-84-8464-311-1. Obras de autor. Primeros lectores.

No és fàcil, petit esquiro! (catalán)

ISBN 978-84-16804-15-3. Obres d'autor. Primers lectors.

Ez da erraza, katagorri! (éuscaro)

ISBN 978-84-7681-987-6. Autore liburuak. Lehen irakurleak.

Não é fácil, pequeno esquilo! (portugués)

ISBN 978-972-8781-98-9. Obras de autor. Primeiros leitores.

Non è facile, piccolo scoiattolo! (italiano)

ISBN 978-84-8464-225-1. Gli albi d'autore. Primi lettori.

O esquíu vermello estaba triste.

*Sentía unha pena moi fonda porque a súa nai morrera,
e pensaba que nunca máis sería feliz.*

*Seu pai secáballe as bágoas con tenrura,
intentando consolalo...*

A primeira vista, podería parecer que con esta proposta literaria e artística os lectores infantís sintan certo desasosiego; pero ao igual que lle sucede ao pequeno esquíu, os nenos e as nenas perciben dun xeito natural a experiencia da morte. E buscan respostas. A distancia que achega a fantasía resulta básica para axudalos a entender a perda dos seres queridos.

Trátase dunha historia entrañable, chea de tenrura e delicadeza, que abre as portas a un tema profundo e de tratamento necesario, dando suxestións abeertas e tranquilizadoras sobre a continuidade da vida.

O relato de Elisa Ramón aborda o proceso da dó dende o enfado e a ira ata o efecto reparador dunha aperta, o pranto desconsolado, a soidade e a incompreensión; mais tamén a recuperación do equilibrio emocional a través do amor e das lembranzas. Combinando acuarelas, ceras e lapis, as ilustracións sinxelas e tenras de Rosa Osuna destacan polo seu acerto na representación da figura ausente, e na presenza de elementos simbólicos e obxectos que enriquecen a lectura visual.



■ **Temática:** a morte, os afectos.

■ **Idade recomendada:** dende 5 anos.

■ **Aspectos destacables:** o tratamento da dó; os recordos, os sentimentos; crecemento emocional; da ilustradora de «[Avós](#)», «[O fío](#)» e «[Un agasalho diferente](#)».

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/non-e-facil-pequeno-esquiu-g>

Elisa Ramón

(Barcelona, 1957)

Aínda que comezou a súa formación académica na Facultade de Dereito, a súa traxectoria encamiñouse ao teatro, onde traballou como actriz, tramoísta, apuntadora, rexedora, axudante de dirección e adaptadora de textos infantís. Os lectores mozos son os principais destinatarios das súas obras de creación literaria, publicadas en diversas editoriais.

Rosa Osuna

(Segovia, 1961)

Licenciada en Belas Artes, reside e traballa en Madrid. Tras dedicarse durante anos ao deseño gráfico, a ilustración publicitaria e a animación, especializouse en ilustración infantil. «[Avós](#)» (Kalandraka, Premio Llibreter 2003) foi o seu primeiro álbum ilustrado. Dende entón ten publicado varios libros, ademais de crear e modelar personaxes en tres dimensións para todo tipo de proxectos.

<http://www.pinterest.com/rosaosuna2>



www.**kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com